

De Piazzola e Gardel a Lobo Antunes: A novela poliédrica *A morte de Carlos Gardel*

CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL*

*A tantos escritores galegos autores de tangos,
entre eles, Xesús Calviño de Castro*

Sumario

Análise da novela *A morte de Carlos Gardel* de Antonio Lobo Antunes

Abstract

An interpretative essay on Antonio Lobo Antunes's *A morte de Carlos Gardel*

António Lobo Antunes (Lisboa, 1942) estudou a carreira de medicina e traballou como psiquiatra para finalmente dedicarse exclusivamente á literatura. Candidato ao Premio Nobel é con Cardoso Pires un dos grandes novelistas que cambiaron o panorama narrativo portugués. Os seus libros demostran que o traballo do novelista é duro mais o resultado fermoso: *Memoria de elefante* (1979), *Os cus de judas* (1979), *Conhecimento do inferno* (1980), *Explicação dos pássaros* (1981), *Fado alexandrino* (1983), *Auto dos danados* (1985)¹, *As naus* (1988), *Tratado das paixões da alma* (1990), *A ordem natural das coisas* (1992), *A morte de Carlos Gardel* (1994)², *O manual dos inquisidores* (1996)³, *O esplendor de Portugal* (1997), *Livro de crónicas* (1998), *Exortação aos crocodilos* (1999)⁴, *Não entres tão depressa nessa noite escura* (2000). *Tratado das paixões humanas*, *A ordem natural das coisas* e *A morte de Carlos Gardel* constitúen unha triloxía sobre a morte e o chamado Ciclo de Benfca en alusión ao barrio de Lisboa onde o autor pasou a súa infancia e adolescencia. António Lobo Antunes recibiu o premio austríaco de Literatura Europea no ano 2000.

En *A morte de Carlos Gardel* utiliza, no título e como personaxe importante no desenvolvemento da novela, unha figura famosa, decadente e mediocre para algúns, pero importante para unha grande parte do público medio e marxinal e para un considerable número de intelectuais desde mediados do século XX ata a actualidade de todos os países e, sen lugar a dúbidas, de Portugal. Ademais estrutura a novela en cinco partes cos títulos de cinco tangos famosos: *Por una cabeza*, *Milonga sentimental*, *Lejana tierra mía*, *El día que me quieras* e *Melodía de arrabal*.

*Concepción Delgado Corral, betanceira, é Doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e Catedrática de Lingua e Literatura Galega do Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos

1 Grande premio de Romance e Novela 1985.

2 Esta novela recibiu en 1996 o Premio France Culture.

3 Premio francés ao mellor libro estranxeiro.

4 Grande Prémio de Romance e Novela 1999.


A primeira parte consta de 75 páxinas e recolle os pensamentos de Álvaro quen, acompañado pola súa irmá, leva seu fillo Nuno ao hospital. Ambiente de ambulancia, de médicos e enfermeiras que o narrador domina, non sen unha pequena dose de ironía. Álvaro retrocede vinte e cinco anos e, dirixíndose ao fillo, recorda as relacións con Claudia, aquela rapariga seria e loura, o casamento e a instalación nun soto da Rua dos Arneiros despois de encontrar un traballo na publicidade, o nacemento non desexado de Nuno xunto co sentimento de estar vivindo cunha estraña, a súa proposta de aborto e a separación. Seguidamente retrocede máis no tempo, ata o pai abandonado e a vida coa irmá na casa do avó paterno, os cociñados da vella criada Alcira, e as felicitacións enviadas polo pai e que constituían as únicas relacións con el. A lembranza da morte do can do avó, provocada polo veterinario para evitalle o sufrimento, lévao a considrar como boa unha morte igual para Nuno, consideración rexeitada pola irmá sen vacilación: *A minha irmã não entendia, não era possível que entendesse: não vira os olhos do cachorro, o seu pedido, a sua exigência, a sua ordem, e eu, com a pespereira do passado a crescer-me na memória*⁵. A agonia de Nuno faino reflexionar sobre a falta de comunicación co fillo, e arrepentirse de non ter ficado con Claudia no canto de casar con Raquel, a segunda muller e primeira en anunciarlle a adicción de Nuno ás drogas. Ademais dos pensamentos de Álvaro aparecen os do pai, os do avó e os de Silvina, a criada da súa actual muller, Raquel. Esta muller lembra a súa vida cun pai fotógrafo e unha nai tola quen, ao morrer o marido, recupera a cordura e pretende deixar Lisboa para regresar á aldea; a través dos pensamentos de Silvina sabemos que Raquel ama a Álvaro sen ser correspondida, completando a visión que el mesmo nos transmite mais, no caso de Silvina, desde unha posición crítica dos comportamentos do home.

Sen os pensamentos de Álvaro, dirixíndose ao fillo, os que destacan nesta primeira parte, manifestando unha parte da súa vida: neno que medrou sen pais ao lado dun avó que non mostraba amor por el, escritor de guións para o cine que ten que vivir do traballo na publicidade, home frustrado no seu primeiro amor, un tanto machista ao recoñecer que non a amaba e non aturar que viva con outro -prodúcese unha ambigüidade na expresión dos sentimentos cara á primeira esposa, a quen quizais ama aínda, ao lembrar que foi ao saír de estar co xuíz cando se deu conta por primeira vez do bonita que era-; a indiferencia pola segunda muller. Álvaro non acepta ser abandonado como seu pai mais a historia repítese. As relacións de rexeitamento entre fillo e pai danse tamén de maneira semellante.

Os grandes intérpretes de tangos eran afeccionados á hípica, e o tango de Gardel que dá nome á primeira parte da novela representa ben o amor polos cabalos: *Por una cabeza/todas las locuras*, e establece unha relación entre perder nunha aposta e o desamor. Álvaro, como o apostador perdedor, vai de fracaso en fracaso e non só el, senón todos os personaxes; a repetición das historias de abandono entre as parellas e entre pais e fillos confirman tamén o que moitas letras de tangos pregoan, que o destino é cruel e non pode cambiarse.

A segunda parte, *milonga sentimental*, xira ao redor de Graça, a irmá médica de Álvaro. A través dos seus pensamentos transmite a relación coa mestra Cristiana quen completa a historia presentándonos unha nai avergoñada do seu aspecto físico e da súa atracción polas mulleres; a relación traumática de Cristiana cun home provocada como unha demostración á nai de muller “normal”; as aventuras amorosas da nai; os medos do pai; o

5 *A morte de Carlos Gardel*, Lisboa, 1994, p. 45.



establecemento en Carcavelos con Graça; os prexuízos e as críticas por uns amores mal vistos; a aceptación do irmán e as visitas co fillo que lle rouba os cartos á tía para a droga. As relacións amorosas de Graça coas mulleres como proba de fidelidade ao irmán, o seu verdadeiro amor. Os pensamentos das dúas centran esta parte, alternando o pasado cun presente marcado pola agonía e morte de Nuno, completando a historia de Álvaro e do fillo cos puntos de vista de cada unha, facéndonos chegar as súas propias historias e dándose a coñecer máis intimamente como personaxes: obsesionada pola soedade, polo sentimento de vergoña e polo medo de perder a súa compañeira, Cristiana, e a fragilidade de Graça, pese a aparente dureza manifestada na actitude coa vella criada do avó a quen, despois de devolvela á residencia da que escapara para escoitar novamente os loendros en Benfica, arrebatada do pescozo unha odiada foto súa de nena. Graça é un personaxe de traxedia, cunha vida interior chea de sentimentos de amor polo irmán -non atura ver o Álvaro abatido- e cunha paciencia infinita ante as esixencias da maniática Alcira a quen, en numerosas ocasións, desexaría lanzar pola varanda. Despois da morte de Nuno, de aguantar a hipocrisía da xente que non sente para nada a morte dun drogadicto, é cando Graça bota da súa casa a unha Cristiana maniática e absorbente que acabará cun delegado sindical nunha triste vila.

Outra vez o título está moi relacionado co contido, entendida a milonga non no sentido de tango como baile, senón no de vida disipada. Esa vida amorosa condenada por unha parte da sociedade, o amor entre persoas do mesmo sexo, o amor polo irmán, o amor extramatrimonial, é unha parte importante na vida dos personaxes.

A terceira parte, *lejana tierra mía*, está ocupada principalmente polos pensamentos de Claudia, a primeira muller de Álvaro e nai de Nuno. Claudia lembra a súa vida en Colonia despois de finalizada a guerra, con escasa ración e moita fame, procurando co pai comida entre as ruínas e coa nai presa por arrancar o anel do corpo morto sepultado entre os escombros da filla dun coronel. Claudia sen poder aturar os sons tristes de Gardel por lembrarlle os ruídos das sereas e o sangue en Colonia. A súa determinación de instalarse nun apartamento deixando a vida monótona con Álvaro para dedicarse a vivir a súa xunto con outras mulleres enganadas polos seus homes con mulleres máis novas; elas tamén na procura de homes novos como Ricardo, o amante-neno mal mirado por Nuno. Nos pensamentos de Claudia místúrase o pasado co presente, lembrando a chegada a Lisboa coa foto que o tío lle dera de Gardel, “o señor da brillantina e dos labios pintados”, o porteiro de hotel amigo do tío, os varios traballos e o ascenso a deseñadora traballando na publicidade; o primeiro encontro con Álvaro na escola de cine, a vida en Benfica e as visitas da cunhada que a odia, o internamento de Alzira polos desagradecidos irmáns. Como, informada polo amigo de Nuno do seu ingreso no hospital, lembra cando de neno estaba enfermo e empeza a escoitar os sons do tango *Lejana tierra mía*. A negativa de Graça que trata de impedir que o vexa culpándoa da morte do fillo por unha hepatite provocada a través das xiringas; finalmente a compra dun billete de ida para Alemaña, non sen antes despedirse de Álvaro e comprobar que el non manifesta sentir nada pola súa marcha.

Aos pensamentos de Claudia sobre o seu ex marido xúntanse os da amiga Margarida quen, fronte á actitude pasiva e por iso máis positiva de Álvaro, describe ao seu ex marido como un maniaco perseguidor que non a deixa vivir tranquila: interrómpele as relacións con outros homes conseguindo que escapen asustados e ameázaa con suicidarse. A decisión de volver con el despois de chegar á conclusión de que peor que un marido é un

ex marido. Por Margarida sabemos que Graça, personaxe que consideraba sinistro pero non tan negativo como a súa propia sogra, os visitaba unha vez por ano. Os pensamentos de Margarida sobre a triste vida de Álvaro ao lado dunha muller como Raquel no Alto de São João vendo enterros todo o día e, segundo ela, desexando regresar con Claudia.

Nesta parte cítanse polo menos tres tangos, o que dá título á mesma, *Mano a Mano* e *Caminito*. Os tres aparecen en entornos de enfermidade, tristeza e morte, e dous deles, *Lejana tierra mía* e *Caminito* están intimamente relacionados co contido desta parte, centrada nas lembranzas de Claudia que escapa dunha vida de miseria na posguerra alemá e, despois dun matrimonio desfeito e morto o seu único fillo, decide deixar Lisboa e regresar á terra que tivera que aboandonar.

A cuarta parte, *el día que me quieras*, ocúpala principalmente os pensamentos do Nuno quen, en estado de coma no hospital, fai un repaso da súa vida. O presente, oíndo o médico, a enfermeira, o pai e a tía –o médico opina que non oe-, con desexos de querer falar e non poder, de deixar o hospital para regresar ao seu mundo de soedade e drogas, alterna cos feitos do pasado: a separación dos pais, o temor obsesivo a pasar fame pola total despreocupación deles; o terríbel medo á soedade que xa experimentara de moi neno; o aburrimiento de saír co pai cando xa non o levaba aos sitios onde o pasaba ben, acabando por esconderse para non acompañalo mentres a nai pensaba que estaba con el; como desaparecían as cousas da casa para comprar droga; o primeiro amante da nai, Helder, pai dunha amiga da escola; a caída definitiva na droga, e o segundo amante da nai, Enrique, un rapaz da súa idade; as amigas da nai á procura de homes novos. Nuno séntese mellor que nunca nos últimos momentos de vida e imaxínase feliz na casa familiar cos seus pais unidos.

Afloran tamén os pensamentos do Helder: non quere a Claudia, vai xunto dela por non comer só cando Teresa está fóra; prefere a nai doutra compañeira da filla; como, estando con Claudia, pensa na outra; e vendo o enfado de Nuno-neno, lembra a súa propia infancia co padrasto, sobriño dunha medium á que acodían súa avoa e súa nai para falar co pai morto que nunca respondía.

E os temores de Ricardo, pasando revista á súa vida, a ser abandonado por Claudia, coa convicción de que foi un disco de Gardel o culpábel da súa fuxida.

O título desta parte, como nas anteriores, coincide co tema da mesma. Nuno procurou desesperadamente o amor e a protección dos pais sen conseguilo, por isto caeu na droga provocadora dunha morte por sobredose. A falta de amor e o baleiro das vidas dos personaxes maniféstanse non só aquí senón a través das páxinas de toda a novela. Álvaro, privado do amor dos pais, semellaba non querer a ninguén. Helder non quería á súa esposa nin a Claudia. Graça quería a quen non podía querer. Claudia non era amada por Álvaro nin por Helder, e Ricardo necesitábaa e non era correspondido por ela.

A última parte, *Melodía de Arrabal*, ocúpala os pensamentos de Raquel: desde a desconfianza de que teña unha amante por regresar tarde á casa e por non asitir ao traballo ata o respiro de alivio cando chega de madrugada e pon a música de Gardel berrando que non morreu abrazado aos veciños que chaman á porta protestando polos rúidos, e a chegada co vello Albino presentándollo como Gardel; lembra como acompañou con Álvaro o vellote a aquel octavo andar de Santo Antonio e axudou a darlle a medicina a Laurinda mentres o pobre home poñía no tocadiscos *Melodía de Arrabal*.

Albino centra tamén esta parte lembrando a súa muller Laurinda enferma de trombose coa que formou parella bailando tangos durante moitos anos; os tempos gloriosos e a

decadencia do presente sen traballo e rexeitado por marica e decadente; como o coñeceu Álvaro, entre catro clientes no Snoopy, confundíndoo con Gardel; como o levou á súa casa para mostrarlle todos os recortes das viaxes por Europa e América, xunto a importantes personalidades; a solicitude de consellos para resolver os seus problemas ao vello cheo deles e que aínda lembra a caixa das cinzas do fillo morto como tenente de aviación; como considera ao creador de anuncios sobre iogurtes un home importante ata que comprende que non pode estar ben da cabeza; as preguntas sobre a composición de tangos como *Volver, El día que me quieras*.

Están tamén os pensamentos da prima de Raquel, Beatriz, a quen solicitou consello e axuda para que Álvaro non a abandonase, informándoa de que está esperando un fillo del; Beatriz medita na súa propia vida cun home que a deixou por outra e tamén cun aborto provocado; as reflexións amargas sobre os homes que só necesitan unha muller-a-días, e sobre o matrimonio; a franqueza con Álvaro dicíndolle que Gardel está morto e a xustificación por non querer unha muller como Raquel; Beatriz repasa a súa vida, a infancia en Luanda e despois en Sesimbra. Lembra como o Ricardo, na procura de Claudia, foi visitalos, como semellaban el e o Álvaro dous viúvos, e como o rapaz chegou a ocupar o seu sitio cando este marchou, non se sabe a onde, ela pensa que a Benfica onde vivira co Nuno e coa Claudia; Raquel comprende entón que o pasado está morto: Álvaro, Claudia Nuno, a vivenda de Benfica, o vento nos loendros, pero imaxina ver no xardín zoolóxico o pai empurrando cos brazos a randeeira baleira onde Nuno se despraza cantando e feliz.

Novamente hai unha gran relación entre o título desta parte, *Melodía de Arrabal*, e o contido. A localización das vivendas en barrios periféricos, humildes ou marxinais dunha grande cidade; a casa de Raquel contemplada desde dous puntos de vista, o da prima Beatriz que a ve de maneira negativa e o dela imaxinando ver o mar; o andar octavo do vello cantador de tangos en Santo Antonio. A triste casa de Raquel, próxima ao cemiterio, onde espera inutilmente por el. Unha Lisboa marxinal e decadente que a nai louca da criada, recuperada a cordura, pretende abandonar para regresar á aldea.

A historia central é a de Álvaro, Claudia e Nuno, historia cun final trágico pola morte do fillo. Álvaro, arrepentido e con nostalxia do pasado, protagonizará novamente a historia de abandono co fillo que Raquel espera como se un cruel destino o empurrase. Pero hai tantas historias como personaxes, estes, ademais de presentarnos as súas propias historias desde a súa intimidade -que tamén son ampliadas por outros personaxes-, axudan a completar a historia principal cos datos e visións que nos aportan. A primeira parte ofrece os pensamentos dos homes: Álvaro, o pai e o avó, e tamén os dunha muller, Silvina, a muller-a-días de Raquel. A segunda parte ocúpana os pensamentos de dúas mulleres, Graça e Cristiana. O protagonismo da terceira parte é tamén das mulleres, Claudia, Inés, Margarida, frustradas nas relacións cos homes. A cuarta parte ten como protagonistas os homes, Nuno, Helder, Ricardo, todos eles débiles, marcados pola falta dun pai ou, no caso de Ricardo, pola dependencia da nai. A quinta parte céntrase en dúas mulleres fracasadas, Raquel e a súa prima Beatriz, e tamén aparece Albino, o decadente personaxe a quen Álvaro confunde con Gardel. Todos os personaxes, homes e mulleres, están marcados por un pasado familiar triste, pobre e falto de amor, e vivirán a repetición da eterna historia de desamor, en todos os ámbitos, no presente.

6 A música era de Gardel. Curiosamente o brasileiro Roberto Carlos fai a súa propia versión deste tango consagrado por Gardel.

As novelas de Lobo Antunes están intimamente unidas á música e, se moitas delas naceron baixo a influencia de obras de autores clásicos como Beethoven ou Mahler, outras inspíranse no fado para manifestar o destino fatal que paira sobre a vida dos personaxes. Neste caso elixe a figura mítica de Carlos Gardel, a súa morte non asumida ata o final por un personaxe importante como Álvaro -non asumida aínda por moitos gardelianos-, representa o declive dos homes simples como el que xa non teñen mitos nos que apoiarse. Escolle un intérprete de tangos e o tango como podería ter utilizado o fado -as dúas modalidades musicais teñen moito en común na expresión de sentimentos de amor e desamor e sobre todo na carga de fatalidade que preside as vidas dos personaxes-, pero a figura de Gardel está quizais máis relacionada con aspectos marxinais propios da realidade actual e que teñen importancia na novela; ademais, as letras dos tangos relatan os acontecementos da vida diaria de forma transparente e clara como os monólogos dos personaxes.

Sen entrar a categorizar as letras dos tangos en maiores ou menores -hai quen as clasifica como sublitteratura, e quen as considera verdadeiros poemas- o certo é que Lobo Antunes a partir de cinco tangos -pequenos poemas narrativos- constrúe unha extraordinaria novela polifónica, perfecta na construción, e un extenso e profundo tango na narración das vidas tanxenciais duns personaxes marcados pola falta de amor, polo pesimismo e polo sentimento tráxico. Fallan as relacións familiares entre as parellas e entre pais e fillos, e a soedade centra a vida de todos. Álvaro, ao final, comprende que Gardel, a figura que se interpoñía entre o seu fillo e el, está morto, pero tamén está morto Nuno e, contemplando a randeeira baleira, sente nostalxia do neno que foi porque o fillo é el mesmo que vai sucumbindo xunto ao seu pasado.

A obra de Lobo Antunes demostra que o tango ten plena vixencia na exposición duns argumentos dramáticos que se repiten, baixo formas diferentes, no mundo actual. A vida transcorre nos barrios dunha grande cidade que neste caso non é Buenos Aires senón Lisboa, barrios aos que os personaxes están moi apegados, recordando con certa nostalxia un pasado que en modo algún foi o paraíso. A novela pon en relación esta peza musical coas historias cruzadas duns personaxes de clase social media nunha grande cidade, Lisboa, presentando as súas propias verdades e as impresións acerca das verdades dos outros. Como acontece nas letras dos tangos, na narración dos personaxes entra todo, desde o social e sentimental ata o confidencial e máis desgarrado porque cada personaxe ten o seu drama presidido polo desamor que a morte de Nuno fai aflorar; a todos eles lles cadra ben a letra do tango de Alfredo Le Pera⁶: El día que me quieras/no habrá más que armonías,/será clara la aurora/y alegre el manantial,/traerá quieta la brisa/rumor de melodías/ y nos darán las fuentes/su canto de cristal./El día que me quieras/endulzará sus cuerdas/ el pájaro cantor,/florecerá la vida,/no existirá el dolor.

Se o tango e Gardel eran a vida do pobo, Lobo Antunes dá voz a uns personaxes representativos de sectores sociais, en certa medida silenciados, e descobre as súas ilusións e medos, a ética e a moral da sociedade actual e o baleiro das súas vidas, poñendo de relevo a vixencia do tango-canción e da vida como drama. Mais, como Astor Piazzola, o célebre compositor autor da gravación da banda musical da película *El día que me quieras*, Lobo Antunes interpreta un tango moderno, enriquecido con influencias da música clásica na introducción da perspectiva polifónica, con solos nostálgicos e contrapuntos, e unha dramática marcha fúnebre.

